



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONS

Vista a Orde de 16 de novembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración cos entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA aprobar a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local e solicitar á consellería a subvención para a súa contratación.

Vistas as bases e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes para adquisición de desfibriladores, o mantemento, reparación de instalacións deportivas e espazos públicos, e a adquisición, a Xunta de Goberno Local ACORDA acollerse a esta convocatoria e:

Primeiro. Realizar a actuación denominada "Mellora na instalación de auga quente no polideportivo municipal da Sangriña".

Segundo. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 3.621,95 euros con cargo a esta convocatoria.

Terceiro. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 855,05 euros. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- INFORMES DO ASESOR XURÍDICO

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 19 de novembro de 2015 comunicando a sentenza ditada o 22 de outubro de 2015 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4501 entablado contra a sentenza de 30/09/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 293/13 entablado por Dña. M^a Mercedes Marquez Lomba contra o acordo plenario do Concello da Guarda adoptado en sesión celebrada o 9 de xullo de 2013 polo que se acordou finalizar o expediente de investigación de oficio dunha rampa existente no número 159 da rúa Cal, declarando que non é posible determinar o seu carácter público.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar coñecemento o pleno municipal na primeira sesión que se celebre, dado que o acordo impugnado foi plenario.

PUNTO 3.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 11 de novembro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. L.L.T.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 11 de novembro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. F.G.S.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 4.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 7.440 de data 12 de decembro de 2014, presentado por D. JOSE FRANCISCO SOBRINO SOBRINO, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 1-3^ºA da Guarda, solicitando a rectificación do recibo de consumo de auga da súa vivenda correspondente ó 3^º trimestre de 2014 ó se producir unha lectura errónea xa que esta se fixo unha vez trascurridos tres meses e medio dende a última lectura realizada.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Xestión Tributaria para que anulen o recibo do 3^º trimestre de 2014 e emitan un novo polo consumo mínimo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito remitido vía fax por D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ GONZALEZ, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Fragoso, nº 92-1ºD de Vigo, en representación de CIRCO DI VIENNA, solicitando autorización para instalar un circo na explanada fronte a Alameda entre os días 3 e 6 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode outorgar autorización no fin de semana porque se celebra o mercadillo municipal. En todo caso pode poñerse en contacto co propietario do Antigo Estadio do Tecla para instalalo alí e, no caso de que obteña permiso para instalalo nesta parcela, deberá solicitar novamente a autorización municipal.

Lese o escrito RE 7.545 de data 18 de novembro de 2015, presentado por DNA. MARIA LOMBA GONZALEZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 102 da Guarda, solicitando o repintado de vado na rúa Malteses, nº 102.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.494 de data 16 de novembro de 2015, presentado por Dna. M^a DOLORES VICENTE GONZALEZ, con enderezo na rúa Afrodita, nº 45 de Las Rozas (Madrid), solicitando a retirada dunhas tuberías municipais que pasan pola súa propiedade na zona de Carballidos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará con servizos xurídicos municipais esta situación.

Lese o escrito RE 7.516 de data 17 de novembro de 2015, presentado por D. RAFAEL ALONSO VICENTE, representado por Dna. M^a Socorro Alonso Conde, con enderezo na rúa Brasil, nº 38 da Guarda, solicitando a revisión da discoteca MALIZZIA no que a súa conservación exterior se refire dado o seu deterioro.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ós servizos municipais para que realicen unha indagación co fin de comprobar os feitos denunciados.

Lese o escrito RE 7.479 de data 16 de novembro de 2015, presentado por DNA. M^a SOCORRO ALONSO CONDE, con enderezo na rúa Brasil, nº 38 da Guarda, solicitando que se faga cumprir a ordenanza de ruidos á Discoteca Malizzia.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ós servizos municipais para que realicen unha indagación co fin de comprobar os feitos denunciados.

Neste momento abandona a sesión a sra. Vicente Baz.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 7.451 de data 13 de novembro de 2015, remitido por VALEDOR DO POBO, no que recolle a queixa de D. Jorge Rodríguez Bahamonde sobre o funcionamento de Protección Civil na Guarda e se require determinada información ó respecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.365 de data 11 de novembro de 2015, presentado por DNA. ZAHARA MARIA LOPEZ TRONCOSO, en representación da empresa que xestiona a escola infantil municipal da Guarda, solicitando a visita dun técnico municipal para que revisen os problemas de humidades que hai nalgunha aula da EIM.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará este problema. En todo caso, debe pasar polo Concello a falar co concelleiro delegado.

Lese o escrito RE 6.474 de data 2 de outubro de 2015, presentado por D. ARTURO MARTINEZ VILLA, con enderezo na rúa Outeiro – O Castro, nº 9 da Guarda, solicitando a anulación do recibo do 2º trimestre do 2015 de consumo de auga da súa vivenda xa que se produxo unha lectura excesiva debido a unha avaría.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo do 2º trimestre de 2015 do obxecto tributario Outeiro – O Castro, nº 9 e que se emita un novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 7.576 de data 19 de novembro de 2015, remitido por CONCELLO DE REDONDELA, dando traslado do acordo plenario de aprobación da moción sobre o transporte metropolitano na zona sur de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.602 de data 21 de novembro de 2015, presentado por SECCIÓN SINDICAL DA CNT DA GUARDA, transmitindo unha serie de deficiencias respecto do material de traballo do GES da Guarda e trasladando unha listaxe de material que é preciso adquirir.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado deste escrito ó resto de integrantes do GES.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.631 de data 23 de novembro de 2015, presentado por ASOCIACIÓN DE CELIACOS DE GALICIA, solicitando a colaboración deste concello para a campaña "Os Reis Magos cos celíacos".

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que os caramelos que se distribúen nas cabalgatas de Reis deste Concello son aptos para celíacos.

Lese o escrito RE 7.403 de data 12 de novembro de 2015, presentado por D. JULIO ALFONSO GALIÑANES, con enderezo en Bouza da Fonte, nº 14, actuando en representación de Dna. Carmen Galiñanes Vega, presentando recurso de reposición ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de outubro de 2015 por considerar que a súa representada cumpre os requisitos que establece a ordenanza.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social, acorda acceder ó solicitado e conceder a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro do obxecto tributario Camiño do Outeiro, nº 11.

Sendo as nove horas e cincuenta minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.